

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 18 DE SETEMBRO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

LIC/1324/2006.- Inversiones Graña S.L., para reestructuración e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Escultor Ferreiro nº 3.

LIC/1257/2006.- Gomez Novoa Maria del Carmen y otra C.B. de legalización das modificacións executadas na rehabilitación levada a cabo na Rúa Nova nº 39

LIC/718/2006.- Jesús Iglesias Garcia, reforma de cuberta e fachada en Conxo de Arriba nº 56.

LIC/1363/2006.- Ramón Fernández Hermida, legalización de modificacións executadas na obra de rehabilitación levada a cabo na edificación sita na Algalia de Arriba nº 18.

LIC/1493/2006.- Marta Clara Gonzalez Iglesias, para reforma interior de vivenda na Rúa Fernando III O Santo, nº 6, 7º B.

LIC/1588/2006.- Instituto Galego de Vivenda e Solo de arranxo de fachada Oeste do Residencial R-6.2 do Polígono Público de Fontiñas.

LIC/456/2006.- Direccion Xeral da Tesorería Xeral da Seguridade Social de A Coruña, para construción dun edificio de oficinas de dita tesorería na parcela 2.1 da OE-5 de Galeras.

PARCELACIÓNS.-

LIC/630/2006.- Maria Luz Domínguez Míguez, parcelación urbanística en Monte dos Chaos, Bar de Abaixo s/n.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

LIC/301/2006.- Victor Manuel Martinez Pazos, contra acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de abril de 2.006 para estimar e conceder legalización de almacén no lugar de Sionlla de Abaixo nº 17 (E).

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

LIC/1659/2006.- Isabel Mancebo Portela, lic 870/00.- Importe 1.803,03 €

LIC/1944/2005.- Ignacio Afonso López, lic 533/2004.- Importe 10.000 €

LIC/861/2006.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos S.L., lic/2481/2004.- Importe 900 €

LIC/1133/2006.- Fco. Gonzalez Varela, lic/2208/2003.- Importe 7.100 €

LIC/1149/2006.- José L. Rial Mato, lic/2175/2002.- Importe 1.857 €

LIC/1419/2006.- Rita Maria Lence Nieto, lic 2442/01.- Importe 1.202,02 €

LIC/1415/2006.- Gloria Hortensia Sampedro Quintáns, lic/1475/99.- Importe 1.081,82 €

LIC/1244/2006.- Alvaro Castro Barral, lic/1194/01.- Importe 448.000 ptas (2.692,53 €)

LIC/1263/2006.- Manuel Caeiro Varela, lic/882/2006.- Importe 4.808,10 €

LIC/1413/2006.- Promociones A torre de Guimarey S.L., lic /1395/01.- Importe 1.595 €

LIC/1209/2006.- Manuel Mato Veiga, lic/2030/2002.- Importe, 4.813 €

LIC/1418/2006.- Almudena Diaz Pereira, lic/1864/2004.- Importe 4.000 €

APERTURAS.-

LAP/225/2006.- Antonio Vieites Iglesias.- Pensión Residencia e garaxe na Rúa Concheiros nº 6.

LAP/377/2005.- Ramon Perez Neria, pensión en Avda. de Ferrol.

LAP/53/2006.- Inmobiliaria Dominguez Vázquez, garaxe comunitario no quinceiro 20 do Polígono 1 do SUP-5 de Choupana.

7.- Sinalamento dos días de festas locais no municipio de Santiago de Compostela.

Acórdase sinalar días festivos locais en Santiago o 20 de febreiro, martes de Antroido, e o 16 de agosto, día de San Roque.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á devolución de avais depositados para responder das actuacións de urbanización do polígono 3 de Fontiñas.

Acórdase estimar parcialmente a solicitude presentada o 5 de xuño de 2006 polo presidente de Compostela Tres Sociedade Cooperativa Limitada, accedendo á devolución dos avais depositados para responder das actuacións de urbanización pendentes no polígono 3 de Fontiñas.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á cesión de conexión 1 do polígono 2 do SUP-3 de Ponte Pedriña.

Acórdase aceptar a cesión ao Concello dos terreos necesarios para executar a área de conexión 1 do estudo de detalle do polígono 2 do SUNP-3, formalizada pola Xunta de Compensación na acta do 31 de xullo de 2006. Así mesmo, dáse por cumprimentada a condición establecida no acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 26 de decembro de 2005, sobre a aprobación definitiva do proxecto de compensación, para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de equidistribución e ratificación do convenio urbanístico de execución do planeamento na área de execución integral A (AEI-A) do PERI-5 de San Lázaro.

Acórdase a aprobación definitiva do proxecto.

11.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a bonificacións no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (TXX/411/2006 e TXX/413/2006).

Apróbase a declaración de oficio da bonificación do 100% a partires do período impositivo 2005, a 10 vehículos por teren máis de 25 anos de antigüidade.

12.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a bonificacións no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Apróbase a exención do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica a varias ambulancias da empresa AMBULANCIAS CASABLANCA S.L.

13.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a CONCESIÓN de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Apróbase a concesión de devanditas exencións a 8 cidadáns por cumprir os requisitos esixidos nas ordenanzas fiscais nº 3.14, 3.15 e 3.16.

14.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a DENEGACIÓN de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Apróbase a denegación á solicitante por non cumprir os requisitos esixidos para o disfrute do beneficio fiscal.

15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa ao incremento da cota ao fondo galego de cooperación e solidariedade.

Apróbase o incremento da aportación actual do Concello de Santiago ao Fondo Galego de Solidariedade, por unha contía de 721 euros.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do DÍA DA BICICLETA 2006.

Apróbase a realización da actividade polo percorrido establecido e un orzamento de 8.000 euros para levala a cabo.

17.- Aprobación do proxecto de ordenanza reguladora de residuos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o proxecto da Ordenanza de recollida de residuos e limpeza viaria. O procedemento para materializar a aprobación do Regulamento implica o visto bo da Xunta de Goberno local, a aprobación polo Pleno da Corporación, información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias; unha vez resoltas, procederá a aprobación definitiva polo Pleno.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda para a e prórroga do contrato de asistencia técnica para o asesoramento e colaboración na inspección fiscal do Concello.

Apróbase a prórroga.

19.- Adxudicación da subministración, mediante leasing, de elementos de xogo infantís para varios centros de educación infantil e primaria do municipio.

Acórdanse as adxudicacións do seguinte xeito:

Lote 1, Quiroga Palacios: adxudicada a subministración a JUEGOS KOMPAN, por un importe de 51.485 euros; lote 2, Pío XII: adxudicada a HAGS SWELEK, por un importe de 33.445 euros; lote 3, López Ferreiro: adxudicada a JUEGOS KOMPAN, por un importe de 31.906 euros; lote 4, Raíña Fabiola, adxudicada a LAPPSET ESPAÑA, por un importe de 26.475 euros.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica para dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para a realización dun curso de formación ocupacional.

A Xunta de Goberno local queda enterada da concesión dunha subvención da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a realización do curso de formación ocupacional de Condutora de autobús, cunha contía de 20.362 euros.

21.- Dar conta da sinatura do protocolo de cooperación entre o Sergas e o Concello polo que se establecen as bases para a futura construción dos centros de saúde de Galeras e Conxo.

Dáse conta da sinatura do protocolo.

URXENCIAS

6.- Aprobada a lista de admitidos para o curso 2006-2007 na Escola Infantil de Fontiñas.